

## **Principios Xerais**

**Respecto á autonomía municipal** (pois a finalidade da asistencia non pode ser nunca a de someter ós concellos ás directrices da administración provincial, senón, pola contra, a de facilitarllelos medios para desenvolver as súas propias políticas, sen prexuízo da necesaria coordinación e congruencia desas políticas municipais co obxectivo do interese xeral)

**Neutralidade** (dado que a acción provincial debe ser neutral e non acharse influída pola cor política dos distintos gobernos municipais)

**Igualdade de trato e non discriminación** (co fin de garantir un tratamento equitativo ós distintos concellos)

**Transparencia** (pois resulta necesario que as accións de asistencia, o seu volume, contido e distribución no territorio sexan coñecidas polos concellos e polos cidadáns)

**Eficacia, eficiencia, planificación e programación** (dado que resulta inescusable o respecto ó principio constitucional de eficacia, recollido no artigo 105 da Constitución, así como ó de eficiencia pola esixencia de administrar correctamente uns recursos sempre escasos, para o que, en fin, se considera preciso planificar e programar minimamente as accións neste ámbito, co fin de poder conciliar, dende unha perspectiva global, as diferentes demandas municipais ás que a Deputación debe dar resposta)

**Principio de supletoriedade ou complementariedade** (en virtude do cal a asistencia suplirá ou complementará actuacións ou actividades municipais)

**Principio de petición municipal** (que determina que a intervención da administración provincial só poderá producirse cando sexa solicitada polo goberno local interesado, e nunca de oficio)

**Principio de capacidade económica** (en virtude do cal terán carácter prioritario, como beneficiarias do servizo, as entidades locais de menor capacidade económica).